


CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

11-12 de marzo do 2023

III CORESMA A



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,
CON RESPONSABILIDADE COIDADORA ANTE A COVID-19
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *nº 7 Andarei na presenza do Señor*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Non todo vale para faltar as sedes de comprensión, de cariño, de tenrura, de amizade ...

Facer nós camiño de coresma é:
ter sede de paz, dentro dunha sociedade violenta;
é ter sede de comprensión e acollida, dentro dunha sociedade de refuxiados;
é ter sede de compartir solidario, dentro dunha sociedade consumista;
é ter sede de igualdade e respecto, no medio dunha historia de mulleres maltratadas;
é ter sede de Xesús, dentro dunha sociedade sen Deus.

Que na celebración que agora comezamos, e como a muller samaritana, sexamos quen de descubrir a Cristo coma fonte de auga viva, como logo imos escoitar, no evanxeo.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *Nestes momentos nos que a nosa vida ten sede de que as cousas se fagan mellor, é necesario confiar na man de Deus e na súa misericordia, e na nosa responsabilidade. Pidamos perdón polas veces que vivimos sen ganas, sen intensidade, e parece que todo nos dá igual:*

Eu confésome pecador diante de Deus omnipotente e tamén diante de vós, irmáns, pois teño pecado moito de pensamento, de palabra, de obra e de omisión; pola miña culpa, pola miña culpa, pola miña grandísima culpa, por iso lle pido á benaventurada Virxe María e a todos os anxos e santos do ceo, e a vós tamén, irmáns, que rogues por min a Deus, noso Pai.

Celebrante: *Deus todopoderoso teña piedade de nós, de todos os pobos que están sedentos de paz, e de todas as mulleres que están fartas de violencia. A todos, o Señor, nos conceda o seu perdón e nos leve á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior. Facémolo hoxe doídos coa violencia en Ucraia, e coa dor de tantas e tantas mulleres.*

(Silenzio)

Celebrante:

Deus, Noso Pai, celebramos un ano máis os días de coresma coa mirada posta na Pascua do teu Fillo.

Concédenos que as vivenzas destes días sirvan para facer minguar as sedes de perdón de tantos homes e mulleres necesitados de xustiza, cariño, compañía e paz.

Axúdanos a arrincar da nosa fe as rutinas remendando os nosos camiños e poñéndolle ganas de vivir con intensidade. Pedímoscho por Xesucristo que vive e reina por sempre eternamente. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *A Palavra de Deus que agora imos escoitar vainos axudar a entender a coresma como oportunidade de mellorar, porque hai cousas que necesitamos arrincar da nosa vida pois alónxannos de Deus e dos demais.*

Alónxanos a apatía, o non ter ganas de nada, o estar de volta de todo.

Alónxanos o non querer faltar as sedes de vida, e simplemente nos deixamos ir deixando que os días pasen, e nada máis.

Frente a esta desgana, escoitemos como nos anima esta palabra de Deus de hoxe.

LECTURA DA CARTA DE SAN PAULO AOS ROMANOS

Irmáns e irmás:

Xustificados pola fe, estamos en paz con Deus, por medio do noso Señor Xesús Cristo. Por El temos tamén entrada a esta graza na que nos mantemos; e estamos orgullosos coa esperanza de lograr a gloria de Deus. E a esperanza non falla, porque o amor de Deus vértese nos nosos corazóns mediante o Espírito Santo, que se nos deu.

De certo, xusto cando nós aínda estabamos sen forzas, no tempo preciso, Cristo morreu polos impíos. Non é fácil, en verdade, que alguén queira morrer por un home xusto (anque por un home bo, quizais se atreva alguén a morrer); pero Deus demostrounos o seu amor no feito de que, sendo aínda nós pecadores, Cristo morreu por nós.

Palabra do Señor

🎵 **nº 41 Quen nos vai separar de Ti** SALMO

(en pé) No Lec I A páx 68 (breve) Xn 4, 5-42 EVANXEO

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

Daquela Xesús necesitaba pasar pola comarca de Samaría. Chegou, logo, a unha cidade chamada Sicar, preto do terreo que lle deixara Xacobe a seu fillo Xosé.

Estaba alí o pozo de Xacobe. E Xesús, canso do camiño, sentou onda o pozo. Era ó pé do mediodía. Chegou unha muller da Samaría sacar auga. E Xesús díxolle:

- Dáme de beber.

(Os seus discípulos foran á vila, mercar comida).

Preguntoulle entón a muller samaritana:

- Como é que ti, sendo xudeu, me pides a min, muller samaritana, que che dea de beber?

(Porque os xudeus non se levan cos samaritanos).

Respondeulle Xesús:

- Se coñeceras o don de Deus e quen é o que che di "dáme de beber", ti mesma lle pedirías a el e el daríache auga viva.

Replicoulle a muller:

- Señor, se ti nin sequera tes caldeiro e o pozo é fondo, de onde pensas quitar esa auga viva? Seica es ti máis có noso pai Xacobe, quen nos deu este pozo, do que beberon el, seus fillos e mailo seu gando?

Xesús contestoulle:

- Todo o que bebe auga desta, terá sede outra vez; pero o que beba da auga que eu lle darei, nunca mais terá sede: a auga que eu lle darei, converterase dentro del nunha fonte que saltará ata a vida eterna.

A muller suplicou:

- Señor, dáme, logo, desa auga para non ter sede nin ter que vir aquí por ela.

- Señor, vexo que ti es profeta. Os nosos pais adoraron neste monte e vós dicides que é en Xerusalén onde hai que adorar.

Xesús díxolle:

- Faimo caso, muller: chega a hora en que nin neste monte nin en Xerusalén adoraredes o Pai. Vós adorades o que non coñecedes; nós adoramos o que coñecemos, pois a salvación vén dos xudeus. Pero chega a hora -é xa agora- en que os verdadeiros adoradores adorarán o Pai en espírito e verdade, pois eses son os adoradores que procura o Pai. Deus é espírito e cómpre que os que o adoran, o adoren en espírito e verdade.

Respondeu a muller:

- Sei que está para vir o Mesías, o chamado Cristo. Cando el veña, hanos anunciar todas as cousas.

Díxolle Xesús:

- Son eu, o que está falando contigo.

Moitos samaritanos daquela vila creron nel. Por iso os chegados onda el, rogábanlle que quedase con eles; e quedou alí dous días. E creron aínda moitos máis polo que el lles dixo. Dicíanlle despois á muller:

- Xa non cremos polo que ti nos dixeches: nós mesmos o escoitamos e sabemos que este é de verdade o Salvador do mundo.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



Que nos propomos nesta terceira semana da Coresma con “dona coresma”?

Con ela seguimos descubrindo que hai cousas que necesitamos arrincar na nosa vida, porque non todo vale.

Xa lle temos arrincado a perna da tentación de ter e poder sobre os demais, xa lle temos arrincado a perna do querer vivir comodamente sen implicarnos en nada. Tamén xa lle temos cosido o remendo da

COMPRESIÓN E A PAZ, e o remendo do ESFORZO E A LOITA.

Hoxe arrincámoslle á nosa coresma esta perna. (Arrincamos a perna da 3ª coresma). É a perna do vivir sen ganas, con apatía, sen ilusión por nada e por ninguén. É arrincar ese xeito de vivir no que o que se trata é simplemente de deixar que a vida pase, que os días pasen un detrás de outro e nada máis.

Ao arrincar esta perna descubrimos unha maneira nova de vivir (collemos o “remendo” que está no sobre que vai pegado na perna que lle arrincamos á nosa “dona coresma”, colgamos a perna na pinza, e pegamos o remendo na saia da vella). Acabamos de coser na saia da dona coresma o remendo de GANAS DE VIVIR CON ENTUSIASMO.

Temos arrincado algo que nos sobra, a desgana e a apatía de vivir, e temos cosido un novo remendo, porque mellor irá a vida se a remendamos con GANAS E CON ENTUSIASMO.

(en pé) **PROFESIÓN DA FE**

Celebrante Neste encontro parroquial querendo mellorar a vida coas **GANAS DE VIVIR CON ENTUSIASMO**, compartimos a fe. Dicimos:

♪ **SI CREEMOS**

Monitor/a:

Credes en Deus, Pai e Nai,
que con misericordia nos acolle e nos perdoa,
e nos axuda a arrincar o que sobra na nosa vida?

SI CREEMOS

Credes en Xesús, o seu Fillo Benquerido,
que nos convida a ter ganas de vivir con ilusión,
fartando as sedes de esperanza
no exemplo do seu xeito de vivir?

SI CREEMOS

Credes no Espírito Santo,
que nos alenta para vencer as apatías e as poucas ganas,
porque a vida é para desfrutala en cada instante,
e non está ben que simplemente deixemos
que os días pasen sen máis nin máis?

SI CREEMOS

Credes na Igrexa,
a comunidade que queremos vivir a PASCUA de Xesús,
e por iso, como a muller samaritana, fartamos nel
as nosas **GANAS DE VIVIR CON ENTUSIASMO**?

SI CREEMOS

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: Movidos pola fe que compartimos acudimos ao Pai conscientes das nosas apatías e desganas, necesitados de **ILUSIÓN**S, e confiándonos ás súas mans cheas de agarimo. Digamos

PAI, PÓMONOS NAS TÚAS MANS

Monitor/a:

- ✓ Pola Igrexa, por cada parroquia, por cada cristián, para que vivamos a coesma como tempo de **VIVIR CON GANAS E ENTUSIASMO**. Oremos
- ✓ Polas xentes de Ucraia que o están pasando tremendamente mal, feridos nunha guerra que nos escandaliza e que non podemos entender. Oremos
- ✓ Polas persoas que se esforzan por mellorar a vida compartindo e dando unha man, así dannos exemplo para nós facelo mellor e con máis ánimos. Oremos
- ✓ Por todas as persoas e pobos que en Turquía e en Siria están pasando uns momentos tan amargos e duros por un terremoto que se levou a vida. Oremos

✓ Polas mulleres, para que nos esforzos e nas loitas pola igualdade, nos sintamos todos implicados. Oremos

Celebrante: Señor, Ti que sempre nos escoitas, dános unha man para chegar da coesma á Pascua. Pedímoscho por Cristo, noso Señor. Amén

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Imos rezar dicindo: “veña a nós o teu Reino”, pero sabendo que Deus conta coas nosas mans para construílo. Xesús amosoulle á muller samaritana que El quere fartar as nosas sedes de vida e de esperanza. Recemos nós con ganas, con ilusión, entusiasmados: NOSO PAI ...*

SIGNO DA PAZ

Celebrante: *Temos ante nós querer facer da vida un camiño sen ganas, apático, de volta de todo, deixando simplemente que os días pasen.*

Temos ante nós querer facer da vida un desfrute cada día, unha novidade e unha ocasión para ilusionarnos cada mañá e agradecermos cada tardiña.

Que nos será mellor: vivir aburridos ou ilusionados?.

COMUÑÓN

Celebrante: *Participar nesta celebración de hoxe é vivir fuxindo da apatía. É ilusionarnos por un mundo mellor con Xesús á nosa beira e da nosa parte. Ditosos nós por facer camiño de coresma e compartir este pan do Señor.*

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

CANTO n° 41 *Quen nos vai separar de Ti*

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante: Deus, noso Pai, Ti aliméntanos co evanxeo da vida, que enche a nosa fe, fai medrar a esperanza e enfortece a nosa caridade.

Axúdanos a ter sempre sede de Xesús, e a esperarmos cun corazón alegre e renovado a celebración da Pascua, que deu sentido á súa vida e enche de vida as nosas.

Pedímoscho a Ti, que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.

Con Xesús quixemos arrincar o que non nos deixa camiñar con dignidade. Quixemos deixar atrás as apatías e as poucas ganas, para remendar e fartar a nosa vida con GANAS DE VIVIR CON ENTUSIASMO.

A nosa celebración ten que ser tamén un remendo para vivir no día a día os pasos da coresma que nos achegan á PASCUA. Por iso cada quen pode levar para a casa o REMENDO de hoxe

GANAS DE VIVIR CON ENTUSIASMO

(Repartimos os remendo para levalos para a casa)

Avísase das misas (ver folla do mes)

Que teñamos un bo día, unha boa coresma, e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén.

Podémonos ir en paz.